


colección catavento



guía

DE LECTURA > 30



TAMBRE

colección catavento



Lena e o
lobishome

Carlos Laredo

TAMBRE



Título **Lena e o lobishome** / Autor **Carlos Laredo** / Catavento, 30 / **+14 anos** / 200 páxinas

O autor

Carlos Laredo Verdejo naceu na Coruña en 1939. Estudou Filosofía e Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Desempeñou toda a súa carreira profesional no eido da publicidade e da comunicación. Dende que se xubilou dedica o seu tempo á familia, á música, á pintura e á súa gran paixón, a literatura.

É autor de obras de ficción e doutras de divulgación, tanto en galego como en castelán, que lle valeron prestixiosos premios. É autor de dúas novelas policíacas —*El rompecabezas del cabo Holmes* (2012) e *La decepción del cabo Holmes* (2014)—, de novela histórica —*La amante religiosa*, Premio Delta 1997; *El regalo de Centla. Memorias de la intérprete de Hernán Cortés* (2001), coa que foi finalista do Premio Adriano, e *La huida de La Loba*, publicada en galego e castelán— ou dunha recoñecida biografía do gran compositor español Joaquín Rodrigo. No eido da literatura xuvenil publicou dous títulos, ambos os dous en Tambre: *Valdelobos* (CAT 28) e a presente *Lena e o lobishome*.

Argumento

Tras a morte do seu pai, Lena e a súa nai marchan a vivir coa súa avoa a Donas. É verán, e unha noite de verbena, cando Lena deixa ás súas curmás e volve soa para á casa, a rapaza sente unha presenza no bosque. Semella un animal que lle sopra na caluga e lle dá un bico. A atracción e o interese que esperta nela ese ser estraño lévana a volver ao bosque, esta vez acompañada do seu amigo Santiago. Cando están a bicarse, Lena volve sentir a presenza e marcha á casa. Santiago, xa só, é atacado e queda ferido no bosque. O rapaz sentiu o ataque dun lobo, mais segundo os doutores que o atenden non foi ferido tal e como faría ese animal. A partir de aí os veciños organizan batidas para acabar co lobo.

A atracción de Lena segue aumentando por el, até o punto de visitar unha bruxa que lle contará a historia de Ander e Elvira, unha historia trágica de amor e desamor marcada polo misterio e polo bosque. Segundo a bruxa, ese ser é Ander, atrapado no corpo dun lobo dende que a súa nai, logo das mortes do bosque, o enfeitizara. Só o amor podería liberalo dese feito. E parece que Ander elixiu a Lena para facelo.

Lena decídese a axudar a Ander e comproba que nada é o que parece. Todo forma parte dunha sinistra vinganza dirixida contra a avoa de Lena argallada pola bruxa. Logo de descubrir quen é Ander en realidade e axudalo a fuxir, todo volverá á normalidade.

Obxectivo

Esta guía pretende aumentar o interese dos lectores pola lectura e pola literatura. A lectura desta obra é un bo motivo para entrar no mundo dos personaxes da literatura de tradición popular, dos seus comportamentos e características. Ao tempo, tamén persegue achegarlle a quen le os elementos que conforman unha novela, contribuír a desenvolver o seu espírito crítico e o interese por diferentes aspectos da cultura propia e seguir afianzando un proceso lector que comezou na educación infantil.

Os obradoiros están elaborados co propósito de profundar na lectura e fomentar a creatividade do lectorado. Algúns están claramente vinculados a determinadas áreas de coñecemento, outros non tanto; mais todos pretenden ser útiles para desenvolver diferentes habilidades e procedementos para a formación integral, intelectual e humana dos máis novos.

Temas

- O **lobishome**, as **bruxas** e outros personaxes do imaxinario popular galego
- Os **contos de medo**
- As **relacións familiares e de veciños** no ámbito rural
- A **vida real** oposta á ficción
- O **recurso da vinganza** como concepto de xustiza arbitrario e irracional

Contexto e xénero literario

É esta unha novela marcada polo misterio dende as primeiras páxinas. Podemos cualificala como unha novela de misterio, mais ese misterio apóiase nun ser propio da mitoloxía galega, o lobishome. Por esta razón lévase a cabo un exercicio de verosimilitude importante. Primeiro para presentar o estraño ser como un lobishome que en realidade existe, e despois para desmontar esa crenza e narrar o que realmente aconteceu.

Ten unha relación moi estreita con outro de tipo de literatura, a literatura popular de tradición oral. Historias dentro da historia principal, os personaxes e o espazo rural amosan esa relación e poden servir para achegarles aos lectores narracións populares recollidas en libros que, dado o tema da novela, poderían ser de medo.



I Obradoiro de literatura

► Obxectivo:

Descubrir a técnica narrativa da novela e a súa variedade de recursos. Na novela o autor concibe dende o principio a historia, quen a vai contar e dende onde, é dicir, o punto de vista narrativo. Tamén define a unha serie de personaxes e sitúaos nunhas coordenadas espazo-temporais concretas. Estructura a historia, dividíndoa en partes ou capítulos, e establece o peso que terán as descrições e o diálogo dentro da narración. Tamén debe manexar a intriga e dosificar axeitadamente a atención do lectorado. E debe decidir o desenlace e escoller un título atractivo que incite á lectura da obra.

► Actividades previas á lectura:

1. O TÍTULO. É o nome propio da obra literaria. Ademais de cumprir unha función representativa ao relacionarse co contido, cumpre unha función conativa, pois debe lograr seducir e provocar a lectura. En ocasións anticipa datos do contido; noutras adquire carácter simbólico e coñécese o seu significado no transcurso da lectura.

- Razoar que suxire o título da obra.
- Descibir a figura dun lobishome e explicar a importancia que pode ter no desenvolvemento da trama.
- Imaxinar un posible argumento antes de ler a novela.

► Actividades posteriores á lectura:

1. O TÍTULO

- Razoar se o título se corresponde co que narra o autor na novela. Xustificar a resposta nun debate na aula.
- Pensar un novo título para a novela.
- A novela está estruturada en capítulos que aparecen numerados sen título. Pensar un nome para cada un dos capítulos que responda ao motivo principal tratado nel.

2. OS TEMAS. Son o motivo principal tratado na novela. Todo aquilo que o autor nos quere facer chegar axudándose da

historia e dos personaxes. Unha novela pode abranguer varios temas e a súa importancia ser diferente.

- Cales son os temas principais desta novela?
- Hai algún máis importante ca os outros? Por que?
- En que partes do texto se poden identificar eses temas?
- No comezo desta guía, así como na páxina dos créditos da novela, noméanse unha serie de temas. O alumno explicará se coinciden cos que el identificou e por que.
- Cada alumno deberá lembrar se leu antes algún libro que tratase un ou varios dos temas da novela. Dirá de que obra se trata e que temas coinciden cos de *Lena e o lobishome*.

3. OS PERSONAXES. Os personaxes son as persoas, animais ou seres arredor dos cales se desenvolve a novela; participan na acción e fan que esta avance. Segundo a súa importancia e participación na historia, distinguimos varios tipos de personaxes: o protagonista, ou protagonistas, e os personaxes secundarios. Segundo a intensidade da súa caracterización distinguimos: personaxes redondos —máis elaborados e deseñados dende unha perspectiva máis fonda, que penetra na súa psicoloxía— e personaxes planos, deseñados como un personaxe tipo que non achega máis datos ca os evidentes.

Outro tipo de personaxe é o narratorio, moi frecuente na literatura popular galega; este pode ser calquera personaxe ao que lle contan unha historia dentro da principal.

- Considerar e razoar se na novela hai algún personaxe máis importante ca os outros? Cal ou cales?
- Nunha novela pode haber tamén un antagonista, ou personaxe enfrontado ao principal nos seus intereses, con comportamentos e valores contrarios. Poderíamos clasificar algún dos personaxes da novela como antagonista?
- Ander e Lena son personaxes redondos ou planos? E Suso?
- Completar a táboa que figura embaixo asignándolle a cada personaxe as características que lle correspondan.

	Lena	Ander	Bruxa	Mellizas	Avoa	Santiago	Suso
Protagonista							
Antagonista							
Personaxe redondo							
Personaxe secundario							
Personaxe plano							
Narratorio							



- e. Moitos dos personaxes da novela son familiares de Lena. Facer unha árbore xenealóxica que parta da rapaza e cubra algunhas das súas pólas coa familia que se presenta ao longo da narración.
- 4. O NARRADOR.** O narrador é a persoa ou ser ficticio encargado de contar unha obra narrativa. Non se debe confundir co autor, pois narrador e autor non adoitan coincidir. A historia pódese narrar dende diferentes perspectivas que caracterizan os distintos narradores; ademais, unha obra non ten que cingirse a un só narrador, senón que pode ter varios.
- Un narrador omnisciente. Coñece todo sobre os feitos narrados e sobre os seus personaxes, mesmo sobre os sentimentos e pensamentos destes. Relaciónase coa terceira persoa narrativa.
 - Narrador observador. Só coñece o que ve. Fala tamén en terceira persoa.
 - Narrador protagonista. É quen protagoniza a novela. Conta a súa propia peripecia en primeira persoa.
 - Narrador secundario ou testemuña. É alguén que asistiu ao narrado, e dá testemuño dos feitos. Pode desaparecer tras os personaxes ou converterse nun deles para contar o que presenciou. En ambos os casos, fala en primeira persoa.
- a. Que tipo de narrador emprega Carlos Laredo en *Lena e o lobishome*?
- b. Nesta novela hai un narrador principal encargado de narrar a historia principal, mais dentro desta aparece outra historia contada por outro narrador. Cal é ese narrador? E a historia que narra?
- 5. DESCRICIÓNS E DIÁLOGOS.** Unha novela non só emprega o discurso narrativo senón que precisa doutros tipos de discurso nos que apoiarse e que a enriquezan. Os máis habituais son a descrición e o diálogo. As descricións achegan información sobre o lugar e o tempo da historia e mais sobre os personaxes; segundo o xeito en que se describan os personaxes podemos falar de descricións físicas e descricións psicolóxicas.
- Os diálogos reproducen conversas entre os personaxes da historia.
- a. Procurar unha descrición física dalgún dos personaxes da novela e mais unha psicolóxica. Explicar o motivo desa elección. Explicar as diferenzas entre esas dúas descricións.
- b. Na novela hai espazos tinguídos de certo aire tenebroso. Localizar a descrición dun deses lugares e sinalar os aspectos que contribúen a darlle ese aire.
- c. Pensar nun personaxe dalgunha novela lida con anterioridade a esta e facer unha descrición física e psicolóxica del.
- d. Nesta novela o diálogo aparece en numerosas ocasións. O alumno pensará nun que lle chamase a súa atención por riba dos outros e explicará por que.
- e. Os diálogos fan máis dinámica a novela ou todo o contrario? Xustificar a resposta.
- 6. O ESPAZO E O TEMPO.** O espazo é o lugar onde se desenvolve a acción, o escenario polo que se moven os personaxes. Este espazo pode ser rural, urbano, real ou ficticio. Ao tempo que serve para darlle un contexto espacial á historia, tamén pode dar datos sobre o tempo da historia, en que momento histórico transcorre, e se é real ou non. Aínda que o tempo tamén se analiza segundo o decorrer dos acontecementos, se estes se presentan linealmente ou se pola contra hai saltos, cara adiante ou cara atrás, no tempo. Estes saltos exprésanse mediante dous recursos de estilo: a analepse, cando hai un salto cara ao pasado, que no cinema se denomina *flashback*, e a prolepse, cando o salto na historia é cara ao futuro.
- a. Os espazos rurais son moi frecuentes na literatura galega, tanto na oral coma na escrita. Como é o espazo principal no que se desenvolve a novela? Urbano ou rural?
- b. Apuntar algunhas das claves que conduciron á conclusión do exercicio anterior.
- c. Como son os espazos da novela: reais ou ficticios? E o tempo? Xustificar a resposta.
- d. Explicar se se observa na novela algún salto no tempo? En que páxinas e de que maneira?
- 7. A ESTRUTURA DA NOVELA.** O xeito de estruturar unha novela e presentarlle ao lector é importante para a súa comprensión e mais para captar a atención de quen le. Nas novelas pódese falar de estrutura externa e interna. A primeira fai referencia a como se presenta dividida a novela (capítulos, partes) e a segunda alude á estruturación da historia (presentación-desenvolvemento-desenlace).
- a. De que maneira organizou externamente o autor a novela?
- b. Reparar na estrutura interna de *Lena e o lobishome*. Correspóndese coa tradicional estrutura tripartita? En caso afirmativo, indicar que partes lle corresponderían á presentación, cales ao desenvolvemento e cales ao desenlace.
- c. Explicar os motivos da división da novela feita na actividade anterior.
- d. Xa se apuntou antes nesta guía que dentro desta novela había outra historia. Cal é a estrutura interna desa historia?



II Obradoiro de escritura

► Obxectivo:

Utilizar a obra como motivación para fomentar a escritura creativa mediante diversas técnicas de comunicación escrita.

A lectura de obras literarias supón ao mesmo tempo un modelo e un estímulo para favorecer a creatividade. Neste obradoiro planteamos unhas actividades que usan a novela analizada como motivación para fomentar a escritura creativa mediante diversas técnicas de comunicación escrita.

Actividades:

- Son as nove da noite e un rapaz falta da súa casa na vila de Donas dende as dez da mañá. A última vez que o viron foi nas proximidades do mosteiro de Carboeiro. Xornais e radio van facerse eco da nova por se alguén sabe algo que poida axudar a atopalo. Redactar unha nova para un deses xornais que recolla todos os datos que poidan resultar de interese.
- Os contos de medo eran algo que se escoitaba moi frecuentemente á beira do lume nas antigas casas labregas. Procurar información sobre o conto galego de medo na tradición oral galega.
- Imaxinar unha noite cos veciños arredor do lume contando historias e que chega a nosa quenda. Contar unha historia ambientada nun espazo rural, nun lugar sinistro, que teña algún ser mitolóxico como protagonista.
- Un lobishome de seguro que pasa moito tempo só no medio do bosque. Escribir un texto en primeira persoa que reflecta os seus pensamentos.

III Obradoiro de historia da literatura

► Obxectivo:

Estimular o interese do alumnado por obras literarias doutros lugares e épocas, co obxecto de que recoñezan a súa importancia no momento e a súa vixencia na actualidade.

► Actividades:

- Houbo un tempo en que era moi habitual na literatura que os animais falasen. Escribir un diálogo entre un lobo e un lobishome que de súpeto se atopan un fronte ao outro.
- Procurar información sobre a literatura popular galega, que foi moi rica e variada. Feita a pescuda, realizar unha tipoloxía do conto popular de tradición oral.

- Se as primeiras manifestacións literarias galegas foron orais como é que chegaron até nós?

IV Obradoiro de xeografía

► Obxectivo:

Recoñecer lugares da xeografía galega dentro da novela.

► Actividades:

- Na novela dáse o nome de varios lugares. Existen realmente eses topónimos ou son unha invención do autor? Se realmente existen, localízaos nun mapa de Galicia.
- Nas primeiras páxinas da novela hai un mapa que recolle os diferentes lugares nos que ten lugar a historia. Marcar nun mapa o camiño que percorrían Lena e as súas curmás cando volvían da verbena para á casa.

V Obradoiro de matemáticas

► Obxectivo:

Entender as funcións da escala nos mapas topográficos.

► Actividades:

A escala é a relación que existe entre unha dimensión medida sobre o plano e a mesma dimensión medida sobre o terreo real. Representase mediante unha fracción coma a seguinte $E = \text{plano} : \text{terreo}$.

- Debuxar un mapa do percorrido aproximado que realizaban Lena e mais as súas curmás para volver á casa. Terá que estar á escala 1:100.000; é dicir, cada centímetro no mapa debe corresponderse con 100.000 cm de terreo.

VI Obradoiro de antropoloxía

► Obxectivo:

Recoñecer as diferenzas entre médicos e menciñeiros e ser quen de recoñecer a credibilidade coa que contaron estes últimos en épocas anteriores á nosa.

► Actividades:

- Os menciñeiros foron moi valorados nalgúns momentos da historia e tamén acusados de bruxaría. Na novela aparece unha bruxa que acadara moita fortuna coma menciñeira. Procurar na rede información sobre os menciñeiros e sobre a súa importancia, por exemplo na Idade Media.



Obradoiros

- b. Ata hai 50 anos a primeira opción para atender doenzas era o curandeirismo, se ben na actualidade a medicina oficial xa está xeralizada. Na novela hai dous xeitos de pensar moi confrontados respecto a este tema: o da bruxa e o dos parentes de Lena vinculados á medicina. Completar unha táboa comparativa entre médicos e menciñeiros, sinalando, entre outros aspectos, que métodos emprega cada un deles, que tipo de prácticas aplica, que tipo de beneficio pode ter para o doente o tratamento que utiliza, que doutrinas teóricas sosteñen a súa disciplina, etc.
- c. Atendendo ao resultado desta táboa, escribir un texto argumentativo cuxo obxectivo sexa demostrar unha idea ou a contraria. A seguir, cada alumno expoñerá as súas conclusións.

VII Obradoiro de arte

► Obxectivo:

Motivar o alumnado a interesarse pola arte en Galicia a partir da arquitectura.

► Actividades:

- a. O mosteiro de Carboeiro, no que se inspira un espazo fundamental da novela, construíuse en Galicia na Idade Media. Entrar en www.mosteirodecarboeiro.com e procurar cales foron as causas e as consecuencias da súa decadencia.
- b. Tamén nesa web hai un plano do mosteiro que pode axudar a entender como era o lugar onde estaba a cripta de Ander. Logo de consultalo, cada alumno escribirá as súas reflexións sobre este tema.
- c. Procurar unha fotografía do mosteiro rehabilitado e procurar tamén as características dos mosteiros románicos. Cales deses trazos se aprecian na fotografía?

- d. Dentro do románico galego, este mosteiro foi unha das obras principais. Dise del que é do románico serodio; que quere dicir isto?

VIII Obradoiro de expresión artística: teatro, pintura, audiovisuais

► Obxectivo:

Fomentar a creatividade do alumnado. Desenvolver a planificación e o traballo rigoroso.

► Actividades:

- a. Converter un capítulo da novela nunha representación teatral para escenificar na aula ou inventar unha nova situación con eses mesmos protagonistas.
- b. Se se dispón dunha cámara de vídeo, gravar a representación, para que quede como recordo dun traballo de creación artística e literaria feito en equipo. Tamén se pode gravar a entrevista a un personaxe e mais ao autor.
- c. Facer unha nova interpretación da cuberta do libro. Empregar os materiais que o profesor considere máis axeitados.
- d. Elaborar unha *fotopresentación* do libro. Buscar un lugar onde colocar o libro ou acompañalo dalgún elemento, co propósito de facer unha fotografía que ofrezca unha visión persoal da obra.
- e. Gravar un *booktrailer* que sirva de presentación da novela. A finalidade e o formato, audiovisual, serán semellantes aos anuncios das películas.